

Campamento Concilia 2022

MUSICAL THEATRE CAMP

ADOLESCENTES

Requisitos:

- Rapaces e rapazas de 12 a 18 anos empadroados.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
- No caso de que o número de solicitudes exceda o número de prazas que se poidan ofertar, procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 13 de xuño ás 10 horas.

Normas xerais de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencialmente nas dependencias do departamento de educación ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **1 ao 10 de xuño. Deberán poñer no asunto campamento 2022 ADOLESCENTES**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.
- O campamento realizarase nas instalación do centro **AGARIMO**
- Unha vez que se dispoña das preinscricións, contactarase coas familias para a concreción de todos os aspectos previos ao pago do prezo público.

Servizos ofertados

- **Madrugadores:** (7:15 h a 10:00 h).
- **Almorzo:** (inclúe madrugadores) (7:15 h a 10:00 h)
- **Servizo de comedor:** (14:00 h a 16:00 h)
- **Transporte:** Solamente para o horario de 10:00 a 14:00h.
- **Ludoteca:**(16:00 h a 17:30 h)
- Requírese nº mínimo de participantes para a posta en funcionamento dos Servizos.

Temática:

“MUSICAL THEATRE CAMP”

Lugar de execución: Centro Agarimo

Datas de execución:

Quenda	Temática
1-15 xullo	<u>Cociña</u> A través dos obradoiros prácticos os adolescentes achegaranse ao mundo da cociña. No seu quefacer diario elaborarán receitas tradicionais e internacionais, técnicas de cociña innovadora e coñecerán os procesos de elaboración dos principais produtos cos que cociñen.
16-30 xullo	<u>Danza</u> Desenvolverán os movementos, expresións e estilos que lles axudarán a ampliar os seus coñecementos sobre danza e, por suposto, sen esquecer a diversión. Unha experiencia inesquecible e desafiante na que aprenderán diferentes estilos de baile urbano como son; hip-hop, funky, popping e moitos máis...
2-13 agosto	<u>Teatro</u> A arte dramática ten unha gran importancia, dado que permite desenvolver as habilidades lingüísticas do alumnado, así como traballar en equipo, fomentar a súa imaxinación e unha serie de habilidades que lle serán moi útiles no seu día a día. Neste campamento os participantes realizarán xogos dramáticos para aprender a desenvolverse en escena, construír un personaxe, traballar as emocións.
16-31 agosto	<u>Cine</u> O audiovisual é unha actividade moi completa, na cal a creatividade e o traballo en equipo teñen unha gran importancia. Neste campamento, os adolescentes, coñecerán as técnicas básicas de creación audiovisual e aprenderán a transformar as súas ideas en pequenos proxectos. A través do traballo en equipo e de diferentes técnicas, axudaremos aos participantes para realizar os seus propios proxectos e poñer as súas ideas en xogo.

Prezo público: segundo o estipulado na ordenanza reguladora, sendo oscustos para cada quenda os seguintes:

<u>Quenda/ servizo</u>	Madrugadores	Almorzo (inclúe madrugadores)	Campamento	Xantar	Ludoteca
1ª Quenda	16,50€	27,50 €	44,00 €	44,00€	16,50 €
2ª Quenda	12,00€	20,00 €	32,00 €	32,00€	12,00 €
3ª Quenda	15,00€	25,00 €	40,00 €	40,00 €	15,00€
4ª Quenda	18,00€	30,00€	48,00€	48,00€	18,00€

<i>DATA</i>	<i>QUENDA</i>	<i>Nº de días</i>
1 a 15 xullo	1º	11
18 a 29 xullo	2ª	8
1 ao 12 agosto	3º	10
16 a 31 agosto	4ª	12

Franxa horaria	Servizo
7:15 a 10:00h	Madrugadores e almorzo
10:00 a 14:00h	Actividades campamentais
14:00 a 15:00h	Xantar
15:00 a 17:00h	Ludoteca
9:30 a 10:00h 14:00 a 14:30h	Transporte